

OLIVE SCHREINER

Historia dunha granxa africana

Traducido por Begoña Rodríguez Otero



Hugin e Munin

1. Sombras da vida infantil

O reloxo

A lúa chea africana licuaba a súa luz dende o ceo azul sobre a extensa, solitaria chaira. A terra seca e areosa, co seu manto de raquíuticos arbustos de *karroo*³ dunhas poucas polgadas de alto, os outeiros baixos que arrodeaban a chaira, as euforbias coas follas alongadas coma dedos..., todo estaba tocado por unha beleza estraña e case opresiva que se estendía baixo unha luz branca.

Tan só nun único punto se lañaba a solemne monotonía da planicie. Preto do centro levantábase solitario un pequeno *kopje*. Alí estaba, en soidade, un montículo redondo de rochas de mineral de ferro, amoreadas unha riba da outra, coma se fose a sepultura dalgún xigante. Aquí e alá algúns brotes de herba ou plantas suculentas abrollaran entre as pedras e no medio do cumio unha mata de chumbeiras erguía os brazos espiñentos e reflectía, coma nun espello, a luz da lúa nas follas anchas, carnosas. Ao pé do *kopje* estaba a quinta. Primeiro os *kraals* das ovelas, con valados de pedra, e os alpendres dos *kaffir*; detrás deles, a casa principal, un edificio cadrado de ladrillo

³Adxúntase ao cabo da novela un glosario de termos coloniais e neerlandeses co significado en galego. Na listaxe figuran aquelas palabras xa glosadas en ambas as edicións inglesas que manexamos (a de 1971 de Dan Jacobson para Penguin e mais a de 2008 a cargo de Ad Donker Publishers), así como algunhas outras que a tradutora foi atopando ao longo do proceso de tradución.

vermello con tellado de colmo. Mesmo nas espidas paredes vermellas e na escaleira de madeira que subía ao faiado, o luar moldeaba unha especie de beleza onírica e facía case etéreo o valo baixo o ladrillo que se estendía por diante da casa e que pechaba un espazo despexado de area con dous tornasoles reviritados. No tellado de cinc do cabanel grande, nas cubertas das dependencias anexas que sobresaían por unha beira, o luar escintilaba cun brillo peculiar até que cada aresta de metal parecía ser de prata brunida.

O sono gobernaba todo o lugar e a quinta non estaba menos tranquila ca a chaira solitaria.

Na granxa, na súa gran cama de madeira, a tía Sannie, a muller bóer, mexíase con gravidade entre soños.

Fora para a cama vestida, como facía sempre; a noite era cálida e o cuarto estaba pechado e tiña malos soños. Non soñaba coas pantasma e os diaños que a enmeigaban na vixilia; nin co segundo marido, o inglés tuberculoso cuxa sepultura ficaba alén dos campos de avestruces; nin tampouco co primeiro, o bóer mozo; só soñaba coas patas de ovella que ceara aquela noite. Soñaba que unha lasca se lle cravaba profundamente na gorxa e o seu corpazo arro-laba dun lado a outro roncando dunha maneira horrible.

No cuarto do lado, onde a criada esquecera pechar as contras, a luz branca do luar entraba nun dioivo tan claro coma o día. Había dous catres arrimados á parede. Nun durmía unha criatura loura, coa fronte estreita e a cara chea de pencas; pero o luar, amoroso, agochaba defectos aquí como en todos os sitios e só amosaba a face inocente dunha nena na dozura do primeiro sono. A figura da cama do lado pertencíalle por dereito propio á luz da lúa, porque a súa beleza era, por así dicilo, élfica. A nena guindara a colcha ao chan e o luar osmaba as súas miúdas extremidades. Naquel intre abriu os ollos e mirou a luz da lúa que a bañaba.

